

Portos de Galicia

1.- INTRODUCCIÓN

O Ente Público Portos de Galicia creouse mediante a Lei 5/1994, do 29 de Novembro, como entidade de Dereito Público para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da Comunidade Autónoma son atribuídas pola citada Lei, que en resumo son: a construción, conservación, administración das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e o fomento global das actividades económicas relacionadas co tráfico portuario, a xestión da explotación das instalacións portuarias e demais bens adscritos o seu patrimonio, o fomento da actividade económica global no ámbito dos portos dependentes da administración da Comunidade Autónoma, o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria.

Constitúese polo tanto, como o principal instrumento para executar as competencias portuarias que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes. Como Ente Público, exerce as competencias exclusivas sectoriais sobre os portos de titularidade da Administración Autonómica. Asemade, dende o punto de vista competencial, a Xunta de Galicia, en virtude da reforma da Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante operada pola Lei 62/1997, de 26 de decembro, ostenta as competencias para nomear ós Presidentes e vocais dos Consellos de Administración das Autoridades Portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na nosa Comunidade Autónoma.

O orzamento de Portos de Galicia para o exercicio 2007 sitúase no escenario económico establecido polas previsións contidas no Marco Estratégico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013, ó amparo do novo Marco Comunitario de Apoio 2007-2013, no contexto das perspectivas financieras da Unión Europea cara acadar a converxencia, e materializa en materia portuaria as políticas de gasto priorizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para acadar os obxectivos xerais que se afrontan nesta nova etapa na que dende Portos de Galicia se contribúe a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e unha economía máis competitiva, reorientando as súas extratéxias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva a través do aumento da produtividade, da mellora da súa xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais, da utilización selectiva dos investimentos, así como da implantación das novas tecnoloxías para o

impulso da investigación, da innovación e do coñecemento, todo elo con total respecto ós principios propios do desenvolvemento sostible.

En definitiva o Ente Público Portos de Galicia, como entidade responsable da xestión empresarial dos servizos portuarios, está a afrontar unha nova etapa que, mantendo as actuacións de mellora e acondicionamento das infraestruturas existentes e de creación das novas que se consideren necesarias para o desenvolvemento axeitado das actividades portuarias, faga fronte ós retos plantexados pola sociedade actual, en materia tales como a esixencia dunha xestión dos organismos públicos áxil e eficaz, a implantación de novas tecnoloxías que faciliten ó máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria, a mellora das condicións de seguridade e prevención de riscos nas instalacións portuarias, a mellora e modernización dos servizos prestados nos portos, a adopción de medidas eficaces para a mellora da calidade medioambiental dos portos, e a potenciación da coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas europeas de fomento da intermodalidade no transporte e desenvolvemento das autoestradas do mar e transporte marítimo de corta distancia.

Portos de Galicia presenta o seu orzamento estruturado por programas, establecendo para cada un deles as metas propostas, en correspondencia cos obxectivos institucionais, e as actuacións máis axeitadas para a súa consecución. Todo elo artellado de forma tal que se facilita o seguimento da execución orzamentaria e a avaliación dos resultados acadados, coa finalidade última de garantir a eficacia e a eficiencia na utilización así como a transparencia na xestión dos recursos administrados.

2.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O Consello de Administración é o órgano superior do Ente Público Portos de Galicia, e exerce de forma colexiada as funcións específicas que lle atribúen os estatutos, sendo o Presidente do Consello de Administración o órgano superior de dirección e xestión, e o Director o órgano de xestión baixo a dependencia directa do presidente e Portos.

Portos de Galicia, no que atinxe á xestión orzamentaria, estrutura a súa organización baixo a Dirección entorno ós servizos centrais e ós servizos periféricos emprazados nos Portos da súa competencia. Estes servizos periféricos organízanse

agrupando en tres zonas os diferentes portos e establecendo uns centros de cabeceira nos que se empraza a xestión operativa da prestación de servicios e as relacións cos usuarios e concesionarios.

A súa vez, tódolos servicios estrutúranse en tres grandes áreas que se corresponden coas funcións que ten encomendadas o Ente Público: a explotación dos portos, a xestión de investimentos e a súa propia xestión económico-administrativa.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

Despois dunha década onde a política de investimento en novas infraestruturas físicas primou –seguramente pola falta de adecuación das entóns dispoñibles ás necesidades dun sector portuario moderno- sobre a política de xestión do sistema portuario galego, é preciso agora equilibrar progresivamente estes dous aspectos do investimento, de tal xeito que sen abandonar a mellora ou incluso creación de novas infraestruturas portuarias, se lle outorgue unha importancia maior á xestión portuaria no seu sentido máis amplo.

A sociedade galega en xeral e a propia Comunidade Europea esperan e precisan que Portos de Galicia desenvolva novas funcións relativas á calidade, á preservación e incluso mellora do medio ambiente, á seguridade, á prevención de riscos laborais, a participación en programas internacionais, así como á I+D+i en temas relacionados coa intermodalidade, o Short Sea Shipping e as plataformas loxísticas, de tal xeito que mellorando e diversificando a xestión interna poida orientarse a organización cara os clientes e usuarios do noso sistema portuario, e de xeito máis global cara a sociedade. Este proceso de equilibrar ambos tipos de investimento acentuarase –en termos cuantitativos- en exercicios vindeiros, pois en 2007 farase sobre todo, un gran esforzo en estudar, definir e cuantificar os investimentos concretos nos programas plurianuais correspondentes, financiados bastantes deles con fondos europeos no período 2007-2013.

Neste escenario os eixes prioritarios que inspiran as actuacións a desenvolver por Portos de Galicia poden ser sintetizados ao redor dos seguintes puntos:

- ✓ Transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca, ó concepto moderno de plataforma intermodal que posibilite o emprazamento neles de procesos relacionados coa

loxística, de tal forma que incrementen o valor engadido dos produtos e contribúan ó desenvolvemento económico e á creación de emprego.

- ✓ Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, abrindo o seu uso a outras actividades, especialmente as relacionadas co ocio e deporte, contribuindo deste xeito ó incremento do atractivo do litoral galego.
- ✓ Integrar os portos galegos dentro de redes de portuarias que desenvolvan as súas complementariedades ó tempo que se percura unha relativa especialización. Debe avanzarse cara unha integración e cooperación dos portos da fronte noroeste peninsular.
- ✓ Procurar unha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa implantación de novas e modernas ferramentas tecnolóxicas, que permita por unha parte unha mais áxil e cómoda relación dos usuarios coa administración portuaria e por outra permita incrementar tanto a calidade dos servizos como a eficacia e eficiencia do sistema.
- ✓ Potenciar dentro do ámbito portuario o desenvolvemento da economía do coñecementos, con actuacións de innovación e desenvolvemento tecnolóxico
- ✓ Adopta-las medidas necesarias para acadar á máxima seguridade posible no desenvolvemento das actividaes portuarias, con especial atención á prevención de riscos
- ✓ Asegurar ó máximo respecto ó medio ambiente, de xeito que todas as actuacións se leven a cabo dentro do contexto xeral de desenvolvemento sostible.

4.- PROGRAMAS E LIÑAS DE ACCIÓN PRESUPOSTADAS

Para acadar os obxectivos antes sinalados é preciso desenvolver os seguintes programas:

Programa 1.- Ampliación e mellora das instalacións para o transporte marítimo.

Estas actuacións están destinadas á potenciación do transporte marítimo de mercadorías, mellora da seguridade e da operatividade, promoción da cabotaxe comunitaria e das autoestradas do mar, atracción de novos tráxicos, etc., dentro do obxectivo xeral de desenvolvemento do transporte sostible mediante á promoción de transporte alternativo ou de estrada, favorecendo polo tanto o cambio modal coas conseguintes melloras medio ambientais, a potenciación do desenvolvemento

económico das comarcas pola posta a disposición do medio de transporte máis axeitado para a explotación dos recursos naturais, que mobilizan uns volumes de mercadorías moi elevados, etc.

Programa 2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura. Están destinadas ó incremento da calidade e valor engadido dos produtos manipulados nos portos, a mellora das condicións de desenvolvemento das operacións e o incremento do rendemento das mesmas, o fomento da acuicultura, etc.

Neste programa inclúense actuacións tales como peiraos e ramplas de descarga da pescae dos produtos de acudicultura, edificios de departamentos de usuarios, naves de reparación de redes, pantaláns de atraque, etc.

Programa 3.- Mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias. Están destinadas á facilita-las operacións portuarias, tanto as dos buques como as que se desenvolven en terra, actuacións en materia de almacenaxe, loxística e distribución, mellora de rendementos e seguridade das operacións, instalacións de soporte de actividades de reparación, etc., favorecendo o desenvolvemento económico e a iniciativa empresarial nas zonas de asentamento dos portos, e como consecuencia a creación de emprego.

Neste programa inclúense actuacións tales como mellora das condicións de abrigo dos portos, mellora dos accesos, dragados de mantemento ou de aumento de calado, creación ou acondicionamento de zonas de depósito e almacenaxe, etc.

Programa 4.- Incremento do atractivo do litoral galego. Teñen por obxectivo a potenciación das actividades turísticas, de ocio e de deporte nas zonas de emprazamento dos portos, coa conseguinte potenciación das industrias auxiliares correspondentes. Comprende especialmente as actuacións de creación e mellora das infraestruturas e instalacións destinadas ao fomento da náutica-recreativa e as de potenciación da interrelación porto-núcleo urbano mediante o acondicionamento das zonas de contacto con actuacións relacionadas coa accesibilidade, áreas de paseo e ocio, renovación estética, etc.

Programa 5.- Mellora da calidade medioambiental xeral das instalacións portuarias. Comprende actuacións encamiñadas á implantación nos portos das instalacións, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medioambiental eficaz, partindo da exitosa experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal dentro do programa LIFE. Inclúe a instalación de ecopuntos nos portos principais, actuacións para a recuperación de solos, acondicionamento medioambiental de zonas de varada para construción e reparación de embarcacións e artefactos de acuicultura, implantación de sistemas de xestión medioambiental, etc.

Programa 6.- Mellora e modernización dos servizos xerais dos portos. Comprende as actuacións encamiñadas á ampliación, mellora e modernización das redes de servizos xerais dos portos, tales como as de abastecemento de auga, de saneamento, de subministro de enerxía eléctrica, de telefonía e transmisión de datos, etc., con obxectivos tales como mellora da calidade ambiental mediante a eliminación de vertidos contaminantes, diminución dos consumos de auga e enerxía, mellora dos rendementos enerxéticos, mellora na calidade do servizo prestado aos usuarios dos portos, redución dos custos de conservación das instalacións, potenciación da innovación tecnolóxica mediante a aplicación de novas tecnoloxías en materia de medición e control remoto, depuración, etc.

Programa 7.- Ordenación xeral das zonas de servizo portuarias e mellora da seguridade nos portos. Son actuacións destinadas a conseguir unha ordenación eficaz dos espazos portuarios que permita por unha parte facilita-lo desenvolvemento das distintas actividades portuarias, evitando interferencias entre as mesmas, e ó mesmo tempo incrementar a seguridade das operacións portuarias, tanto na lámina de auga como nas explanadas portuarias, contemplando aspectos tales como a **ordenación de fondeos**, a seguridade da navegación, a seguridade vial, control e seguridade da utilización das instalacións (código PBIP), prevención de riscos laborais, etc.:

Programa 8.- Mellora da xestión organizativa do sistema portuario. Están encaminadas ó incremento da eficacia e eficiencia do mesmo, posibilitando un control e coñecemento axeitado do funcionamento dos servizos e do desenvolvemento das operacións portuarias, e favorecendo unha relación áxil e cómoda dos usuarios coa

administración portuaria mediante a utilización das novas tecnoloxías de información e comunicación, etc.

Programa 9.- Investigación en materia portuaria e marítima e implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información. Inclúe a realización de estudos de clima marítimo, predicción de oleaxe, medición de correntes, etc., a instalación de equipamento tecnolóxico para coñecemento dos factores climáticos, a implantación de novas tecnoloxías informáticas para control, transmisión de información, etc.

O resumo da valoración económica dos distintos programas é a seguinte:

Programas	Importe total euros
1.- Actuacións de ampliación e mellora das instalacións para o transporte marítimo.	3.198.276.-
2.- Actuacións de mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias relacionadas co sector pesqueiro, marisqueiro e de acuicultura.	6.326.851.-
3.- Actuacións de mellora das condicións xerais de desenvolvemento das operacións e actividades portuarias.	8.508.729.-
4.- Actuacións destinadas ao incremento do atractivo do litoral galego no marco do desenvolvemento sostible	3.266.041.-
5.- Actuacións destinadas á mellora da calidade medioambiental xeral das instalacións portuarias.	1.977.483.-
6.- Actuacións destinadas á mellora e modernización dos servizos xerais dos portos.	520.748.-
7.- Actuacións de ordenación xeral das zonas de servizo portuarias e de mellora da seguridade xeral dos portos.	6.456.694.-
8.- Actuacións encamiñadas á mellora da xestión organizativa do sistema portuario.	3.143.857.-
9.- Actuacións destinadas á investigación en materia portuaria e marítima e a implantación de novas tecnoloxías para o coñecemento e a información.	284.483.-
***** Proxectos ATMOS e PLACA	150.000.-
***** Asistencias técnicas proxectos de obras	1.340.000.-
***** Obras menores para dotación de servizos	1.400.000.-
***** Outras obras de ampliación e mellora nos portos	1.578.525.-
***** Outro inmovilizado	115.000.-
TOTAL	38.266.687.-

5.- MEMORIA ECONÓMICA

A estrutura básica dos presupostos adáptase á descrición dos ingresos e gastos previstos para o exercicio económico, así como ó detalle dos investimentos programados e a súas fontes de financiamento.

O orzamento total do Ente Público Portos de Galicia para o ano 2007 ascende á cantidade de 49.594.127 euros, nos seus estados de ingresos e gastos, 7.972.155.- euros máis co ano anterior, o que representa no seu conxunto un crecemento do 19,2%, e dá cobertura tanto os gastos de explotación como ás previsións orzamentarias incluídas no Plan Anual de Investimentos de Portos de Galicia para dito exercicio.

Polo que respecta ó orzamento de ingresos total – 49.594.127 euros - , a previsión de recursos a acadar é a seguinte: os ingresos por conta corrente ascenden a un total de 12.692.000 euros, o que representa un incremento nominal do 4,3%, é dicir prevése recaudar 520.750.- euros máis que na previsión do ano anterior, e veñen xerados principalmente polas taxas e cánones cobrados pola prestación de servizos; e, polo que respecta ás subvencións de capital, para este vindeiro exercicio acadan a cifra de 31.351.782 euros, cifra que crece nun 6,5% sobre o ano anterior.

Con relación ó estado de gastos total – 49.594.127 – a cifra de 11.327.440 euros correspóndense con operacións correntes, nas que se inclúen os gastos de persoal cun orzamento de 4.704.375 euros, outros gastos de explotación cun orzamento de 6.622.065 euros, que recolle os gastos en bens correntes ou servizos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, e os restantes 38.266.687 euros son operacións de capital, constituídas exclusivamente pola realización de investimentos de infraestrutura portuaria.

- Cadro resumo orzamento total:

Orzamento de ingresos	2007	2006
- Taxas e outros ingresos	12.662.000	12.141.250
- Ingresos patrimoniais	30.000	30.000
- Total ingresos correntes	12.692.000	12.171.250
- Transferencias de capital	31.351.782	29.450.722
- Variación de activos financeiros	5.550.345	0
- Total ingresos de capital	36.902.127	29.450.722
- Total orzamento de ingresos	49.594.127	41.621.972

Orzamento de gastos	2007	2006
- Gastos de Persoal	4.704.375	4.099.594
- Gastos en bens correntes e servizos	6.622.065	6.547.218
- Gastos financeiros	1.000	1.000
- Total gastos correntes	11.327.440	10.647.812
- Investimentos reais	38.166.687	30.974.160
- Total gastos de capital	38.166.687	30.974.160
- Total orzamento de gastos	49.594.127	41.621.972

5.1.- Orzamento de explotación:

5.1.1.- Ingresos de explotación:

A previsión de ingresos de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2007 é de 12.692.000 euros, o que representa un incremento de 520.750 euros en termos absolutos sobre o presuposto inicial de ingresos de explotación do ano anterior, equivalentes a unha taxa de variación do 4,3% e proceden, na súa meirande parte, do cobro das Taxas por prestación de servizos portuarios, e cobro de cánones por aproveitamento do dominio público portuario.

Descendendo a nivel de conceptos do orzamento de ingresos de explotación, pode destacarse o seguinte:

- Taxas por prestación de servizos portuarios:

A previsión orzamentaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación dos distintos servizos portuarios ós usuarios, acadan a cifra de 10.336.500

euros, que en relación coa cantidade inicial orzamentada no exercicio 2006 supón un incremento do 5,8%.

Este incremento débese fundamentalmente a actualización xeral anual legalmente establecida para as taxas con contía fixa, que se prevé do 2 por 100, e ó incremento da facturación da tarifa E-2 debido á modificación do tratamento aplicado á utilización dos departamentos de usuarios, que anteriormente se facturaban como cánones de ocupación de dominio público portuario e agora factúrase como servizo portuario de utilización de superficies cubertas, modificación efectuada para unha maior axilidade na tramitación das autorizacións correspondentes.

Na facturación das tarifas correspondentes ó tráfico comercial, X-1, X-2 e X-3, prevése un leve descenso (do 0,6 %), xa que, se ben este tráfico mantense estable con carácter xeral, nestes últimos anos ven registrándose unha lixeira redución da descarga de túnidos conxelados polo cambio da modalidade do transporte deste produto de granel a contenedores.

No que respecta ó tráfico pesqueiro prevése un incremento do 3% que reflicte o incremento anual usual no valor en venda do pescado.

No tráfico deportivo, espérase tamén un incremento do 3% pola posta en funcionamento de novas instalacións.

Nas restantes tarifas portuarias prevése un mantemento da facturación.

- Cánones por concesións e autorizacións:

Neste capítulo recóllese a previsión dos ingresos que se producirán no ano 2007 pola utilización do dominio público portuario. Prevése unha redución do 5% da facturación como consecuencia da modificación do tratamento aplicado á utilización dos departamentos de usuarios citado anteriormente, que se verá parcialmente compensado pola facturación propia das novas concesións e autorizacións que se outorguen ó longo do ano 2007 e pola actualización dos valores dos cánones como resultado da previsible aprobación da orden de actualización dos valores dos terreos portuarios prevista na Lei 6/2003, que está actualmente en tramitación.

- Taxas por servizos profesionais:

Os ingresos integrados neste concepto acadan a cifra de 832.000 euros, cifra que crece nun 4% respecto presupostado no ano anterior, e correspondente á estimación das taxas por dirección e inspección dos novos investimentos.

- Ingresos financeiros:

Finalmente, os ingresos financeiros, que veñen dados exclusivamente polos ingresos patrimoniais obtidos pola xestión da tesourería, estímense para o ano 2007 na cifra de 30.000 euros.

En resumo, o orzamento de ingresos correntes ou de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2007 acada a cifra de 12.692.000 euros, o que representa un incremento do 4,3% sobre o presupostado para o ano 2006.

O cadro seguinte mostra o resumo do estado de ingresos clasificado por conceptos, dacordo coa súa natureza económica.

Orzamento de ingresos de explotación	2007	2006
- Taxas por prestación de servizos portuarios	10.336.500	9.772.000
- Taxas por utiliz.priv. ocup.aprov.dom.público.	1.444.000	1.520.000
- Taxas por servizos administrativos	832.000	800.000
- Outros ingresos de xestión	49.500	49.250
- Outros ingresos financeiros	30.000	30.000
- Total	12.692.000	12.171.250

5.1.2.- Gastos de explotación

A previsión orzamentaria dos gastos correntes polo funcionamento dos servizos, que inclúe as partidas de gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (Outros gastos de explotación), ascende a cifra de 11.327.440 euros, o que supón un crecemento no seu conxunto do 6,4% sobre o ano anterior, e recolle as previsións de incremento do IPC.

- Gastos de persoal

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento ascenden a 4.704.375 euros o que supón un crecemento do 14,8% respecto ao exercicio anterior, e cubre o custo dunha plantilla de 116 traballadores, que se corresponden coas necesidades contempladas dentro da nova estrutura organizativa. Contemplase asemade neste capítulo unha subida salarial do 2%, en correspondencia coas previsións de incremento do IPC, e recolle tamén os gastos de acción social, gastos médico-farmacéuticos, indemnizacións, e gastos de formación do persoal.

- Gastos en bens correntes e servizos. (Outros gastos de explotación)

No capítulo de gastos en bens correntes e servizos estímase unha necesidade de recursos por importe de 6.622.065 euros, cifras similar a do exercicio anterior.

Neste capítulo inclúense os gastos correspondentes ó funcionamento normal do Ente, tales como arrendamentos, subministros, comunicacións, asesoría e consultoría, material de oficina e outros servizos, xunto cos de conservación e mantemento, os de limpeza e mellora medioambiental e os gastos en seguridade e vixilancia.

Cabe salientar as partidas destinadas á reparación e conservación das infraestructuras portuarias, cun orzamento de 1.863.555 euros; e dentro da partida de material, subministros e outros servizos os gastos de limpeza e mellora medioambiental das zonas portuarias, cun orzamento de 1.794.161 euros, así como os servizos de xestión indirecta de practicaxe nos portos cun orzamento de 173.154 euros, servizos de vixilancia e seguridade cun orzamento de 224.035 euros, e por último o crédito previsto para a contratación de asistencias técnicas para a realización dos Plans de utilización de espazos portuarios, Plan Director de infraestructuras, Plan de calidade, así como un plan de conservación e mantemento das instalacións, ascende a 450.000 euros.

- Gastos financeiros

A dotación no orzamento para este capítulo ascende a 1.000 euros. Dado que o ente público non ten carga financeira por xuros de débedas contraídas, a estimación fíxose segundo os custos asociados á xestión de cobro dos recibos bancarios domiciliados polos nosos clientes e usuarios.

O cadro desglose de costes de persoal para o ano 2007 recóllese no Anexo II desta memoria do Orzamento.

En resumo, o orzamento de gastos de explotación de Portos de Galicia para o exercicio 2007 acada a cifra de 11.327.440 euros, dacordo coa clasificación económica seguinte:

Orzamento de Gastos de Explotación	2007	2006
* Gastos de Persoal	4.704.375	4.099.594
- Retribucións salariais	3.574.457	3.106.666
- Cotas da seguridade social	1.036.918	904.502
- Gastos médico-farmacéuticos non cubertos	13.000	12.628
- Indemnizacións	12.000	11.498
- Formación e perfeccionamento do persoal	35.000	34.299
- Acción Social	33.000	30.000
* Gastos en bens correntes e servizos	6.558.065	6.547.218
- Arrendamentos e cánones	214.489	209.964
- Reparación ,mantemento e conservación	1.863.555	1.692.253
- Mat. Subministrados e outros servizos	4.480.021	4.581.001
- Indemnizacións por razóns de servizo	64.000	64.000
* Gastos financeiros	1.000	1.000
- Total	11.327.440	10.647.812

5.2.- Orzamento de capital

5.2.1.- Ingresos de capital

- Transferencias de capital

Este capítulo recolle o conxunto das subvencións e transferencias que recibe o ente para financiar os gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, elévase a 32.150.000 euros, cantidade que supón un incremento do 9,2% respecto ao exercicio 2006.

As transferencias de capital recollidas no proxecto de presuposto para o ano 2007 teñen a seguinte procedencia:

Fondo	2007	2006
▪ FEDER	6.500.000	9.580.094
▪ F.C.I. (Cofinanciado)	2.166.667	7.838.259
▪ TOTAL M.A.C.	8.666.667	17.418.353
▪ F.C.I. (Libre)	10.326.835	3.519.470
▪ F.C.A.	12.208.280	8.222.721
▪ OUTROS (Proxectos Feder atmos-placa)	150.000	290.178
□ TOTAL	31.351.782	29.450.722

5.2.2.- Gastos de capital. (Plan de actuación, investimentos e financiación para 2007)

- Investimentos reais

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente por Portos de Galicia en investimentos de infraestructura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servicios.

O orzamento de inversións previstos no Plan de actuación, inversións e financiación de Portos de Galicia para o ano 2007 acadan a cifra de 38.266.687 euros, o que representa un crecemento do 23,5% respecto do presupostado no ano anterior.

No referente ó soporte da dotación dos créditos incluídos neste capítulo hai que destacar os seguintes:

- Os investimentos da anualidade do 2007 do Marco de Apoio Comunitario (M.A.C), cun montante total de 8.666.667 euros. Estes investimentos están financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e cofinanciados polo Fondo de Compensación Interterritorial (F.C.I.), previsto no novo marco 2007-2013.
- Outros proxectos de obras e investimentos a realizar no ano 2007 financiados polo F.C.I. libre que acadan a cifra de 10.326.835 euros.
- As obras que Portos de Galicia ten programadas con cargo á subvención fixada pola Comunidade Autónoma (FCA), cun montante total de 12.208.280 euros.
- Contémplase asemade, dentro do Plan de Investimentos de Portos de Galicia, ademais das actuacións programadas, a cifra de 1.400.000 euros para obras

menores de de dotación de servizos, e 1.578.525 en outras obras de ampliación e mellora, destacando ademáis para este ano a construción do novo edificio institucional de Portos de Galicia cunha anualidade de 2.050.345, reservando tamén a cifra de 1.340.000 euros para a contratación de asistencia técnica adicadas a estudos e proxectos de obras; todas estas actuacións serán financiadas con fondos propios de Portos de Galicia.

O Plan de investimentos por programas para o ano 2007 recóllese no Anexo I desta memoria do Orzamento.

O desglose do orzamento de capital para o ano 2006 dacordo coa súa natureza económica é o seguinte:

Gastos de Capital	2007	2006
• Adquisición de Inmobilizado	39.064.905	30.974.160
- Infraestructura portuaria	34.761.342	29.450.722
- Edificaciónes	2.050.345	0
- Estudos e proxectos	1.340.000	1.340.000
- Elementos de transporte	0	0
- Moblaxe e equipos	5.000	21.438
- Equipos informáticos	5.000	50.000
- Outro inmovilizado material	5.000	12.020
- Aplicacións informáticas	100.000	100.000

5.3.- Relación ingresos e gastos

